



LEMBRANZAS CO

Mestre
JUAN

ANTIGAS FERRAMENTAS PARA XUNTAR E MALLAR

Para xuntar o froito, palla...

Balea: Vasoira feita de xestas ou de pólas doutras árbores ou arbustos. A de balear as espigas de centeo ou trigo que quedan nas eiras despois da malla, soe ser de bidueiro.

Forcada: Feitas polo mesmo labrego con pau de salgueiro. Habíaas de dúas, tres ou catro gallas e empregábase para coller a herba. Dende 1925, aproximadamente, foron trocadas polas de ferro, denominadas **forquitas**.

Rodal da aira (rodalo): Rodo de madeira (a pá de castiñeiro e o mango de abraira) para xuntar o grao.

Ronqueiro: Trebello de madeira con dentes curtos (semellante a un angazo) que se usa para arronqueirar (xuntar) a herba dos prados despois de segada. Soen facelos os labregos. A madeira case sempre é de freixo, os dentes duns 8 cms de longo, e o mango de abraira.

Ronqueiro das castañas: Para xuntalos ourizos cando se varexa o castiñeiro, sacalos despois das ouriceiras, etc. É máis curto co anterior e conta tamén con menos dentes, pero máis grandes.

Torno: Non é máis que un pau de 25-30cm que se usa para atalas gavelas e os mollos de centeo ou trigo.

Exemplo dunha balea



Para mallar

Malle: Para mallalo centeo, trigo, cebada, fabas, etc. Consta de dúas partes: a moca ou mango, de abraira, e a pértiga ou pértego que é a que bate contra o froito, que pode ser de acibo ou carballo. Ambas van unidas por uns coiros (o xunce) que se cruzan (os noíños), para que se poidan mover. Dende que viñeron as malladoras mecánicas deixaron de empregarse.

